

# O petróleo como fonte de conflito internacional

*Xoán Ramón Doldán García*

**I**raq, Afganistán ou Kuwait son obxecto de titulares nos medios de comunicación por teren sufrido guerras nos seus territorios desde 1991<sup>(1)</sup>. Existe unha comprobada correlación entre estes conflitos e as anomalías que xorden na evolución do mercado internacional de petróleo e que provoca oscilacións nos prezos con incidencia nos beneficios e cotizacións das empresas transnacionais do sector e na recomposición económica dos principais centros monetarios e financeiros<sup>(2)</sup>.

Nas sociedades actuais a enerxía é un elemento básico da súa estrutura económica. Mediante a análise do modo de apropiación enerxética maniféstase o tipo de organización social e a conformación económica desas sociedades. Afondando no coñecemento do sistema enerxético mundial e no seu papel dentro do sistema económico capitalista actual, tentamos evidenciar as razóns que subxacen aos conflitos en países con importantes reservas de petróleo.

## O sistema enerxético do capitalismo

---

Cada sistema económico incorpora un modelo enerxético. Coa denominada Revolución Industrial comezouse a definir un diferente ao existente até entón. Nesta etapa as enerxías fósiles e físico-químicas foron substituíndo ás enerxías naturais, con tempos de rexeneración que poden superar os 100 millóns de anos, polo que se revelan como reservas limitadas. Darase, por outra banda, unha quebra do espazo xeográfico entre a existencia de recursos enerxéticos e usos enerxéticos, de xeito que o modelo enerxético manifesta a súa coherencia interna nun abastecemento enerxético mundial; a partir deste momento os usos enerxéticos nun espazo xeográfico non virán determinados polos recursos enerxéticos dispoñíbeis nese mesmo espazo, senón que se farán usos en base a recursos non existentes no lugar, sempre que resulte factíbel (polo medio que sexa) apropiarse e dispór deles. As sociedades construídas sobre este modelo van ser consumidoras de cantidades sen precedentes de enerxía, caracterizándose, ademais, por unha grande mobilidade persoal, a emerxencia dun mercado mundial e a xeralización

---

(1) Non son estes, sen dúbida, os únicos lugares nos que detrás de certas crises internacionais (ás veces baixo a aparencia de internas) descubrimos unha estreita relación con ese recurso: Venezuela, Bolivia, Ecuador, Colombia, Nixeria, etc.

(2) GIORDANO, Eduardo: *Las guerras del petróleo. Geopolítica, economía y conflicto*, Icaria, Barcelona, 2002, p 12.

da degradación do ambiente. Se a isto sumamos a extracción e conversión de toda clase de enerxías fósiles e non fósiles, a produción industrial e a rápida urbanización, facendo que os efectos acumulativos destas mudanzas traspasen o ámbito local ou rexional para causaren unha desestabilización global da biosfera<sup>(3)</sup>, podemos afirmar, xunto con outros autores<sup>(4)</sup>, que nos enfrontamos a unha transición na vida da humanidade comparábel en importancia á que, no seu momento, supuxo a agricultura e a consecuente aparición das sociedades sedentarias.

Até este momento todas as formas de enerxía utilizadas foran renovabeis<sup>(5)</sup>, mais coa Revolución Industrial producíase un aumento masivo e continuado de enerxía obtida a partir de fontes non renovabeis. As primeiras e rudimentarias máquinas de vapor, nos comezos do século XVIII, solucionaron o problema de bombear auga das minas baixo terra. Cando a finais dese século Watt inventa a máquina de vapor de duplo efecto, a extracción de carbón vai tomar un pulo importantísimo<sup>(6)</sup>. A partir de entón, a industrialización irá estendéndose, cando menos nos primeiros tempos, en función da existencia ou non de xacementos de carbón.

Un estadio máis avanzado deste novo modelo enerxético vaino constituír o paso cara ao petróleo que, a partir da segunda metade do século XIX, aumentará a súa importancia até superar ao carbón por certas calidades físicas (maior contido calorífico, maior manexabilidade, mellor almacenamento, etc) e polo seu menor prezo. A extracción e consumo do petróleo vai ser imparábel durante moitos anos<sup>(7)</sup>. Os oleodutos e petroleiros permiten un fluxo relativamente rápido e económico do cru mesmo a rexións moi distantes. As enerxías fósiles serán un símbolo do triunfo do capitalismo como sistema hexemónico<sup>(8)</sup>.

Mais non foron as propiedades obxectivas do petróleo, que existen e son importantes, as que determinaron este tipo de eleccións. A progresiva marxina- ción do carbón é consecuencia en grande medida do maior poder político e económico das compañías petrolíferas, como se observa cando estas mesmas relanzan posteriormente o carbón como fonte enerxética. As propiedades do petróleo permitían reforzar certas tendencias intrínsecas á dinámica do sistema capitalista:

(3) SMIL, Vaclav: *Energy in World History*, Westview Press, Boulder-Oxford, 1994, p 157.

(4) PONTING, Clive: *Historia verde del mundo*, Paidós, Barcelona, 1992, pp 361-396.

(5) O que non quere dicir que non se coñecera a utilidade enerxética de fontes non renovabeis, caso do carbón e mesmo do petróleo, xa que na antigüidade a dinastía chinesa Han (145 aC) xa usara carbón para a obtención de aceiro. No entanto, o seu uso era claramente reducido dentro do conxunto de fluxos enerxéticos das sociedades pre-industriais.

(6) En 1800 as extraccións de carbón en Gran-Bretaña eran xa de 10 millóns de toneladas; en 1850 pasaban dos 60 millóns; e en 1900 chegábase aos 225 millóns de toneladas ano. Só entre 1899 e 1900 consumíuse máis carbón que en todo o século XVIII.

(7) A finais do século XIX as extraccións de petróleo eran de perto dos 10 millóns de toneladas ao ano; en 1900 eran xa perto dos 20 millóns de toneladas; en 1910 case 45 millóns; en 1920 uns 95 millóns; en 1930 algo máis de 190 millóns de toneladas; en 1940 perto de 295 millóns; en 1950 xa chegaban aos 520 millóns; superaban os 1.000 millóns de toneladas en 1960; e supuñan case 2.290 millóns en 1970. En 1973 a cifra achegábase aos 2.800 millóns. É dicir, en oito ou nove anos estaba a duplicarse o ritmo de extracción, e nuns 75 anos as extraccións multiplicaríanse por 250.

(8) PUIG, Josep e COROMINAS, Joaquim: *La ruta de la energía*, Anthropos-Eukal Herriko Unibersitatea, Barcelona-Leioa, 1990, pp 13-14.

división internacional do traballo, acentuación das diferenzas entre o desenvolvemento duns países e doutros, a posibilidade de ampliar os niveis de consumo, etc, é dicir, o petróleo serviu como instrumento para a acumulación de excedente e a maximización do beneficio.

No Occidente, nos últimos tempos semella, pola contra, que se está a acadar unha menor dependencia da base material e, en consecuencia, da base enerxética, dando orixe ao que algúns cualifican como sociedade da información. En realidade, a produción industrial é material, aínda que decote semelle que se queren ignorar os límites físicos aos que se enfronta. Nestas sociedades, a chamada produción inmateriais é cada vez máis importante, sendo posíbel medila en termos de información, porén, esta produción necesita do soporte da materia e da enerxía. O símbolo social xa non é a máquina de vapor e o motor diésel da sociedade industrial, senón que é o computador. A grande mobilidade da etapa anterior é agora vista como algo superado: tempo e espazo semellan fundírense.

Nunha sociedade deste tipo, a enerxía necesaria para o aparello produtivo nítrese de dúas fontes: a solar ou de orixe solar (directamente, como fluxo ou como enerxías fósiles) e as enerxías físico-químicas ou nuclear. Xunto co traballo manual, esténdese o informático e o mental, dando lugar á formación dun capital inmateriais<sup>(9)</sup>. Esta nova sociedade caracterízase non só polo xurdimento dunha economía dos servizos, mais tamén pola existencia dunha agricultura, unha pesca, unha industria ou uns servizos, todos eles informacionais. É dicir, non son novas actividades senón a utilización como forza produtiva directa da capacidade de procesar símbolos. Non obstante, hai autores<sup>(10)</sup> que cuestionan ese carácter posindustrial, no senso en que os actuais servizos non son sempre puramente persoais (do tipo tradicional), senón tamén tarefas tan industrializadas como as da propia industria, polo que iríamos cara a unha sociedade máis ben hiperindustrial, ou se se prefire, cara a unha sociedade tecnolóxica avanzada, onde as capacidades e as tecnoloxías están sometidas a unha continua obsolescencia. Os EEUU parecen o exemplo perfecto deste tipo de sociedade, de alta intensividade enerxética cuns niveis de consumo tan altos que só poden ser igualados por unha porción exigua da humanidade<sup>(11)</sup>.

A análise desta inxente cantidade da necesaria enerxía dispoñíbel, desde unha perspectiva netamente de mercado, debe atender á súa condición de factor da produción e de produto específico dun sector da produción (no primeiro caso, tendo en conta que os distintos sectores produtivos precisan, en maior ou menor medida, dun certo consumo enerxético para a obtención dos seus produtos). A nosa sociedade foi acrecentando a complexidade e intensidade dos fluxos de enerxía para uso humano,

---

(9) Ver CASTELLS, Manuel: *La era de la información. Economía, Sociedad y Cultura*, Alianza Editorial, Madrid, 1997.

(10) SAMPEDRO, José Luis: *Transición y metaeconomía*, Información Comercial Española, xaneiro-febreiro 1985, pp 33-41.

(11) FOLEY, Gerald: *La cuestión energética*, Ediciones del Serbal, Barcelona, 1981, pp 62-65.

polo que se procura a obtención de bens (mercadorías) cada vez máis elaborados, ou de bens que para seren obtidos requiren incorporar nas súas fases previas a utilización de inputs cada vez máis elaborados, aínda cando os bens finais (outputs) que resultan deses procesos sexan, de seu, pouco elaborados. Desá complexidade resulta que os bens finais incorporan directa ou indirectamente cantidades crecentes de enerxía dispoñíbel que debe satisfacerse de forma rápida. Deste xeito, emerxe a condición de produto da enerxía, xa que o acceso á enerxía necesaria nos distintos procesos produtivos ten lugar a través dunha serie de empresas que cumpren esta función subministradora constituíndo o que se coñece como sector enerxético. O abastecemento enerxético convértese, xa que logo, en algo economicamente ineludíbel para todo o tramo produtivo e nun dos maiores negocios da actualidade, controlado por varias das maiores empresas do mundo, até o punto de intervir decididamente no plano económico, político ou militar.

### **Descrición do modelo enerxético actual no capitalismo mundial**

---

O novo modelo enerxético do capitalismo expándese desde 1800. Desde 1900 a produción de enerxía primaria multiplicouse por 13. O século XIX é sen dúbida o século do carbón, e séguese a ser até mediados do século XX<sup>(12)</sup>. Aínda que continuará aumentando a extracción de carbón, a de petróleo sufriu un incremento maior até se converter na principal enerxía primaria (35% do total en 2001); paralelamente, sobre todo nas últimas décadas, acentuouse significativamente o uso do gas natural (21,2%).

Os países da OCDE concentran a maior utilización desta enerxía primaria, particularmente os EEUU, malia que nos últimos anos outros países como China teñen un incremento acelerado, ao igual que outras zonas de Asia, como é o caso da India. Os países da OCDE utilizaban no ano 2001 un 53,2% de toda a enerxía primaria do mundo, porcentaxe inferior ao 61% de 1971, pero que, en termos absolutos, supón un incremento neto do consumo, ao igual que noutros lugares, agás o conxunto de países que conformaban a antiga Unión Soviética<sup>(13)</sup>.

En 2002, as reservas mundiais de petróleo equivalen a 40,6 veces o consumo actual, o que significaría que de non aumentar as reservas e manténdose o nivel de extracción actual, o petróleo dispoñíbel chegaría para ese número de anos. Non obstante, se observamos a distribución espacial das reservas veremos que é moi desigual: o 78,2% de todas as reservas atópanse nos países membros da OPEP, o 6,9% nos países da OCDE e o 14,9% no resto dos países (7,4% na antiga URSS). Nos países do Oriente Medio están 2/3 das reservas mundiais. Os principais países por volume de reservas de petróleo son:

---

(12) Ver ETEMAD, Bouda e LUCIANI, Jean: *World Energy Production 1800-1985*, Librairie Droz, Xénova, 1991.

(13) International Energy Agency: *Key World Energy Statistics (2003)*, 2003.

Arabia Saudí .....	25,0%
Iraq .....	10,7%
Emiratos Árabes Unidos .....	9,3%
Kuwait .....	9,2%
Irán .....	8,6%
Venezuela .....	7,4%

(Fonte: BP: *Statistical Review of World Energy 2003*).

Tendo en conta o petróleo extraído anualmente, é de novo nos países do Oriente Medio onde se concentra un maior volume (28,5% en 2002), representando en conxunto para os países da OPEP o 38,4% do total. Os países da OCDE concentran case o 28,4%, onde os EEUU xa supoñen por si só un 9,9 %, e a antiga URSS un 13,1%. O 20,1% restante repártese entre os demais países produtores. Así, as reservas dalgúns países alcanzarían para manter os ritmos de extracción durante case 90 anos, mentres que outros, en cambio, dificilmente poderían mantelo máis de cinco.

No tocante ao consumo, o panorama é ben distinto: a OCDE consume case o 61,9% do petróleo mundial; só un país como EEUU consume por si só o 25,4% do total mundial; seguido moi de lonxe por Xapón, cun 6,9% do consumo mundial. A Unión Europea-15 consume en conxunto un 18% do total. Este consumo medrou continuamente a nivel mundial nas últimas décadas (de 1992 a 2002 máis dun 13%) aínda que con certas diferenzas significativas. Países como Corea do Sur, Tailandia ou Irlanda máis que duplicaron o seu consumo interno desde 1989, mentres que outros como Ucraína, Cazaquistán ou Bielorrusia sufriron caídas no consumo de máis do 50%. Entre os extremos sitúanse outros países que cómpre destacar pola significación e dimensión das súas economías:

- China incrementou o seu consumo de petróleo nun 101% en 10 anos.
- India e Indonesia incrementárono entre un 61 e un 47%.
- España e Brasil nun 37% e un 39%.
- Os EEUU nun 15,7%.
- A UE- 15 nun 5,4%.
- Os únicos países occidentais que reducen o seu consumo son Francia, Alemaña, Italia, Suecia e o Reino Unido, aínda que este descenso supón, no mellor dos casos, menos do 4%.
- O resto das caídas no consumo por riba do 12% prodúcese nos países da Europa do Leste e os países que conformaban a antiga Unión Soviética. Nestes casos explícase sobre todo pola inestabilidade que padecen tras a desaparición da URSS, aínda que nos últimos anos semelle terse estancado o consumo e mesmo nalgúns destes países existe xa unha lixeira tendencia ao aumento no consumo de petróleo.

Malia ser certo que se debe ser prudente á hora de tirar conclusións, xa que son situacións de partida moi diferentes, non deixa de ser significativo que os países que concentran un maior consumo continúen aumentándoo e que este modelo enerxético se estea consolidando noutros países cun grande peso demográfico como China

ou a India, o que sen dúbida incidirá de forma decisiva no panorama enerxético mundial. Con todo, debemos considerar que en termos absolutos as cifras son tamén reveladoras do que é a aínda actual estrutura do consumo: o aumento de consumo de petróleo na OCDE, malia ter un incremento interno do 11,65%, supón o 56,46% do aumento neto mundial; os incrementos de EEUU e China son practicamente iguais en termos absolutos, malia que na actualidade o consumo dos EEUU sexa unhas 4,5 veces o de China, e o consumo de enerxía *per cápita* dunha persoa estadounidense media sexa 13 veces o consumo *per cápita* dunha persoa chinesa media.

Consideradas as diferenzas entre lugares de produción e de consumo, cómpre observar onde se concentra a capacidade de refinación de petróleo. Os países da OPEP teñen unha capacidade de refinación moi limitada. Así, Arabia Saudí, máximo produtor de petróleo (un 11,8% do total) apenas ten unha capacidade de refinación do 2%; Irán cun 4,7% da produción mundial, só ten unha capacidade de refinación do 2,2%; Iraq, co 2,8% da produción mundial dispón do 0,8% da capacidade de refinación; España, cunha produción de petróleo case inexistente, ten máis capacidade de refinación (1,5%) que Kuwait ou Venezuela; e Xapón, que non produce petróleo, ten unha capacidade de refinación do 5,6% mundial. Deste xeito, os EEUU e a Unión Europea convértese nas zonas con maior capacidade de refinación, de feito, os países da OCDE teñen unha capacidade para refinar o 52,1% do total. En resumo, podemos dicir que os EEUU dispoñen dunha capacidade de refinación que máis que duplica a súa produción de petróleo, ao igual que acontece para o conxunto de Europa ou para o conxunto da OCDE. A India, China ou Brasil teñen capacidades de refinación que superan amplamente as súas producións propias. No lado oposto están precisamente moitos dos países da OPEP. No conxunto de Oriente Medio a capacidade de refinación non cobre apenas o 30% da súa produción, e no caso de Arabia Saudí, alcanza escasamente o 20%. África no seu conxunto non ten capacidade de refinación máis que para escasamente o 41,6% da súa produción (e aquí temos a Nixeria, Arxelia ou Libia como grandes produtores), cifra semellante á que lles corresponde a Venezuela ou México. En definitiva, a refinación lévase a cabo fundamentalmente nas zonas de grande consumo, onde se lle vai engadir un valor extraordinario ao petróleo cru logo de transformalo.

A non correspondencia entre lugares onde se atopan as reservas de petróleo, onde se explora e consume, e onde se refina, xera necesariamente un amplo e intenso comercio de produtos enerxéticos. No contexto dos intercambios internacionais de materias primas, os combustíbeis supoñen, en tonelaxe, o maior volume de todas as materias intercambiadas. En termos absolutos, entre 1981 e 2002 o volume de combustíbeis intercambiados incrementouse un 69%, e polo tanto as rutas da enerxía convértese nas rutas comerciais de máis intensidade de tráfico a nivel mundial, sendo prioritario o funcionamento de todo este sistema de transporte para asegurar o aprovisionamento enerxético.

A dimensión destes intercambios fai que o propio sector enerxético se convirta nun dos maiores consumidores, empregando esta enerxía tanto nos labores de exploración, extracción, refinación ou transporte como nas perdas por fugas ou accidentes.

O destino final de toda esta enerxía intercambiada a través do mercado é sobre todo o sector de transporte (aproximadamente a metade, e con tendencia a que a porcentaxe aumente). Este uso vén motivado por un sistema de transportes altamente ineficiente baseado no uso do automóbil privado en detrimento doutras alternativas menos estragadoras. A extensión do uso do automóbil ao gran público nos EEUU e logo noutros países occidentais foi factíbel grazas á posibilidade de estragos enerxéticos permitidos pola existencia de prezos políticos para a enerxía. Mais tamén se debe aos incentivos derivados dunha organización da sociedade en función do medio privado e do papel simbólico atribuído ao automóbil. A industria do automóbil traballou con custos reais decrecentes tanto nas materias primas como na man de obra, ao tempo que a enerxía barata favoreceu a substitución acelerada dos automóviles (a través do seu uso sen limitacións) e a tendencia á adquisición daqueles de potencia sempre crecente, que consumen máis pero que permiten á industria automobilística maiores beneficios unitarios.

Necesitouse tamén a participación do Estado para poder levar a cabo a substitución do transporte de mercadorías por ferrocarril polo de estrada, que require enerxía a prezos políticos dado que os camións consumen moito máis que o ferrocarril. Así, favorecerase a construción dunha ampla rede de autoestradas, que á súa vez require para a súa construción dun consumo enerxético en cemento e azo moito máis alto que o necesario para criar unha rede ferroviaria que afronte un trafego equivalente.

Esta política de enerxía barata levou parella tamén unha política de consumos superfluos, a práctica das embalaxes non recuperabeis, a obsolescencia acelerada dos produtos, etc. Mais a situación manifesta un equilibrio certamente inestábel segundo os países, dado que non todos posúen os recursos enerxéticos necesarios para manter desde dentro –e para prazos moi prolongados– esta política de abaratamento enerxético, como é o caso da maior parte dos países europeos ou Xapón fronte aos EEUU, o promotor deste modelo. En peor situación estarían aínda moitos dos países denominados subdesenvolvidos.

Estes altos consumos conseguíronse cunha política de prezos do petróleo baixa e estábel (en termos reais) desde finais do século XIX até a década dos 70 do século XX, período no que teñen lugar continuas descubertas de pozos de petróleo e un control total sobre os recursos, grazas ao dominio colonial e a unhas empresas que desde moi cedo levaron adiante unha política oligopólica desde a extracción á distribución final. Os Estados occidentais necesitaban dunha fonte enerxética flexíbel e barata para a súa expansión mundial.

No primeiro réxime petrolero (antes de 1974), a OCDE puido abastecerse de petróleo a prezos baixos e seguros, permitindo substituír fontes internas de enerxía máis caras sen cargar as súas balanzas de pagamentos. Os procesos descolonizadores dos anos 60 e as políticas nos novos estados de defensa nacional dos seus recursos mudaron en parte este panorama. En 1960 reúnen-se en Bagdad os gobernos dalgúns dos principais países produtores de petróleo coa pretensión de coordinarse para a defensa dos seus intereses exercendo algún control sobre os

seus recursos petrolíferos, a súa comercialización e os prezos. Froito destas conversas nacerá a OPEP.

Nos anos 70 nacionalizáronse os xacementos de moitos destes países e eleváronse os prezos do petróleo. No entanto, resultaría moi simple explicar a crise posterior –e os problemas de orde enerxética que se sucederon– como consecuencia única e mesmo principal desta elevación de prezos.

A resposta dos países occidentais foi inmediata, coa creación en 1974, baixo o patrocinio dos EEUU, da AIE, auténtico cartel de consumidores, fronte ao cartel de produtores da OPEP. A AIE preserva a través dun extenso tramado de relacións bilaterais a posición das multinacionais do petróleo no abastecemento dos mercados dos países da OCDE.

A evolución en termos reais dos prezos do petróleo desde 1980 é máis estábel do que indican os prezos nominais –o que garante o abastecemento do mercado estadounidense– debido a que o dólar mantivo unha cotización alta nos mercados de divisas internacionais. Cómpre pensar que desde os anos 70 o control deste tipo de enerxía estaría nas mans dos países produtores, particularmente a OPEP. Mais se comparamos desde 1980 os prezos dos produtores cos prezos dos produtos derivados do petróleo atopamos notabeis diferenzas. Nos últimos 20 anos o prezo do cru oscilou entre os 294 e os 88 dólares por tonelada, manténdose arredor dos 147 dólares por tonelada. Os prezos dos derivados foron en cambio ben distintos, movéndose, en función dos produtos, entre os 350 e os 50 dólares por tonelada.

Sobre o prezo final van ter tanta importancia, senón máis, os custos de refinación, transporte e distribución como os derivados da extracción. Se consideramos que a parte de refinación, transporte e distribución está concentrada nun puñado de empresas –que ademais diso, manteñen unha parte importante do control directo sobre as reservas de petróleo e a extracción, e que participan nas empresas de refinación e auxiliares da industria petrolífera con capital dos países produtores– semella evidente que o antigo control sobre o prezo do petróleo, ritmos de extracción, etc, segue a estar prioritariamente nos grandes monopolios.

Os prezos xogan, ademais, un papel importante á hora de facer rendíbeis os recursos existentes, é dicir, converter recursos en reservas, ou posibilitar a entrada en novas tecnoloxías da transformación enerxética que, cun petróleo a prezos excesivamente baixos, non as faría rendíbeis. Por exemplo, a política de importacións de petróleo dos EEUU favorece a elevación dos prezos ao aumentar a demanda no mercado mundial, permitindo, ademais, eliminar os controis sufridos durante anos para axudarlles ás empresas petrolíferas dese país que exploraban xacementos con custos de extracción máis caros. Ao elevárense os prezos do petróleo no mercado mundial, mellora a situación competitiva dos EEUU fronte á dos países europeos ou de Xapón, moi dependentes das importacións. Favorece, doutra banda, unha taxa menor de esgotamento das reservas internas estadounidenses de petróleo e gas, o que significa maiores reservas futuras. Redunda na maior rendibilidade das fontes enerxéticas alternativas, respecto das cales os EEUU teñen unha posición máis favorábel tanto en tecnoloxía como en recursos.

A percepción sobre os prezos internacionais da enerxía por parte dos consumidores finais é normalmente indirecta, a través dos prezos nacionais que, en case todos os países, están determinados, ou controlados, a nivel governamental mediante unha serie de instrumentos que van desde a xestión directa da industria enerxética á política fiscal de prezos obrigatorios. En último termo, a enerxía final adoita ser vendida a prezos políticos que non exclúen o beneficio, mais que o subordinan ás esixencias do conxunto do desenvolvemento capitalista.

Sen quitarlle importancia ás elevacións do prezo do petróleo cru en orixe, o prezo final dista moito de estar determinado exclusivamente por ese aspecto. As elevacións de prezos no produto enerxético final serven tamén como mecanismo de control sobre o consumo, situación desexábel para os países consumidores, xa que a actuación sobre os prezos por motivos fiscais envolve unha certa apropiación da renda dos países produtores.

Noutras palabras, a elevación dos prezos do petróleo en orixe da década dos setenta supuxo apenas un reaxuste na estratexia enerxética dos países occidentais e, en particular, das grandes compañías da enerxía.

### **O control das reservas enerxéticas e o poder dos monopolios do petróleo**

---

O control das reservas enerxéticas do mundo é vital porque delas depende o feito de manter un determinado modelo de desenvolvemento, e só deste xeito os países cun maior consumo poderán manter o seu *status quo* de vida.

O desenvolvemento económico dos países industrializados esixe que a dispoñibilidade de recursos enerxéticos sexa compatíbel coas súas necesidades estratéxicas. Non obstante, mentres que estas necesidades se determinan a partir da lóxica interna das súas economías, cun modelo enerxético baseado no uso do petróleo a dispoñibilidade global de recursos enerxéticos queda fóra do ámbito de decisión dos Estados interesados. É obvio nos casos europeo e xaponés, e máis acusado no segundo. Tanto Europa como Xapón, sobre todo antes da Segunda Guerra Mundial, centraron o abastecemento enerxético fundamentalmente no uso dos recursos carboníferos que existían no seu territorio ou nos territorios baixo o seu dominio (é o caso da China baixo dominio xaponés). A partir da Segunda Guerra Mundial, o modelo que se vai impór é o estadounidense, coa excepción de que nos EEUU existían grandes reservas de petróleo, o cal non acontecía nestoutros lugares. Só poden asegurar estas fontes de aprovisionamento enerxético a través da resolución de problemas estratéxico-políticos. No ano 1973 estes dous espazos económicos dependían nun 90% das importacións de petróleo.

Ademais, supoñendo que exista a seguridade no acceso aos recursos enerxéticos, é necesario que a oferta deles cubra de forma inmediata o crecemento da demanda. Os sistemas de transporte convértense deste xeito en elementos esenciais, sexa a través de oleodutos, gasodutos ou buques petroleiros. Este sistema de transpor-

te debe ser seguro, e non deben existir trabas de ningún tipo que permitan interromper o seu fluxo en calquera punto das rutas, é dicir, é imprescindible o control da rede de transporte.

Un exemplo claro da necesidade deste sistema de transporte de enerxía é o dos gasodutos. A finais dos setenta, os países con altos niveis de consumo vían no gas natural a fonte capaz de cubrir unha parte importante do consumo enerxético, practicamente sen necesidade de transformación, mais presentábase a dificultade de resolver o problema de transporte que esixía desenvolver extensos e custosos sistemas intercontinentais que ao atravesar o territorio de moitos países supuñan tamén problemas estratéxicos<sup>(14)</sup>. Hoxe en día podemos comprobar como por todo o mundo se espalla unha ampla rede de gasodutos, algúns deles por lugares considerados polos estrategos militares como conflictivos. Tal é o caso da área que circunda o mar Caspio e todo o Oriente Medio.

Aínda que desde o nacemento da industria do petróleo asistimos a procesos de concentración do capital, vai ser desde mediados da década dos setenta do século XX cando esta situación se acelere, de acordo coa restructuración global acontecida neste ámbito. Nos últimos 30 anos, independentemente do tipo de fonte enerxética da que se trate, as empresas dedicadas á exploración desas reservas e á súa comercialización emprenderon fusionés ou absorcións provocando obviamente unha diminución de grupos empresariais no mercado da enerxía. As empresas que subsistiron estableceron cada vez máis alianzas ou acordos que lles permitiron exercer un control crecente sobre este negocio. Ademais diso, emprenderon un proceso de diversificación: cada empresa tende a introducirse na exploración dun número cada vez máis amplo de fontes enerxéticas. Xa a finais dos anos setenta, as grandes corporacións do petróleo posuían máis do 40% das reservas de uranio e controlaban unha grande parte dos terreos dos EEUU onde se consideraba que podía haber enerxía xeotérmica para explorar, ademais de ter unha participación importante no negocio do carbón e das centrais nucleares, por non falar xa do case absoluto control sobre o gas natural, que ía asociado fisicamente ao petróleo. Esta situación acelerouse aínda máis nos últimos anos, de xeito que, por exemplo, a Royal Dutch/Shell e a BP Amoco dominan absolutamente a tecnoloxía da enerxía solar.

As empresas petrolíferas, moi vencelladas aos EEUU, son as que detentan un maior poder no negocio enerxético en xeral. Desde comezos do século XX é o maior consumidor do mundo e, durante máis de 100 anos, foi o maior produtor mundial de petróleo.

A mediados do século XIX, cando se inicia a exploración industrial do petróleo, naceron múltiples empresas que case de inmediato foron compradas ou absorbindas por outras, no que vai ser unha constante nesta actividade. En 1863 nos EEUU, John Davison Rockefeller introdúcese no negocio da refinación do petróleo, e en 1870 funda a Standard Oil Company, que en 1882 dá paso á Standard Oil Trust. En 1890 xa

---

(14) WAES: *Energía: perspectivas mundiales 1985-2000*, Fondo de Cultura Económica, México, 1981.

controla unha parte substancial do negocio do petróleo, desde o refinado e o transporte á distribución e ás vendas finais. Nese ano apróbase a Lei anti-trust, tamén coñecida como a Lei Sherman, que dará lugar á sentenza do Tribunal Supremo de 1911, pola que se obrigaba a todas as compañías subsidiarias e asociadas neste trust a se constituíren como compañías independentes, resultando nun total de 34 empresas<sup>(15)</sup>.

Varias delas transformáronse, posteriormente, en compañías tan grandes en termos financeiros como a Standard Oil orixinal, nunha transformación provocada pola fusión de varias das antigas empresas entre si no que foi un proceso de reconstrución do trust primeiro. Despois da Segunda Guerra Mundial, tres delas –Exxon, Mobil e Standard Oil California (Socal, tamén chamada Chevron)– formaban parte do grupo coñecido como as Sete Irmás, que non eran outra cousa que as sete maiores empresas petroleiras do momento. Ademais destas tres, outras compañías da antiga Standard Oil Trust acadaron unhas dimensións considerabeis: Marathon Oil, Standard Oil Ohio (Sohio), Pennzoil Company, Amoco ou Arco. Nos EEUU, desde comezos do século XX, acadaron grande importancia outras empresas como Texaco ou Gulf Oil, ambas as dúas tamén do Grupo das Sete Irmás. En Europa, mentres, destacaban a Royal Dutch/Shell, de capital anglo-holandés, e a British Petroleum (BP) de capital británico, empresas que completaban o grupo das Sete Irmás. Habería aínda que engadir outra empresa, de importancia se cadra un pouco menor, como era a francesa Total. Son estas as empresas que dominan o mercado mundial do petróleo no ano 1970.

A partir da década dos 80 prodúcese unha reacción nestas empresas direccionada cara ao arraigamento da súa primacía na escena internacional, reiniciándose un proceso de fusións de grande envergadura, que sen dúbida continuará no que supón unha concentración de capital elevadísima. Na actualidade debemos destacar 5 corporacións: TotalFinaElf (froito da fusión de Total, Fina e Elf Aquitaine), Royal Dutch/Shell, BP Amoco (da compra parcial de Sohio por BP e as fusións posteriores de BP con Amoco e logo con Arco), Chevron Texaco (da fusión da Gulf Oil con Chevron e logo con Texaco), e ExxonMobil (da fusión das dúas empresas do mesmo nome). Algunhas destas empresas teñen participación en *joint ventures* comúns. Segundo a clasificación da revista *Fortune*, estas 5 corporacións están entre as 15 primeiras do mundo.

As grandes corporacións do petróleo preséntanse verticalmente integradas, e as operacións básicas que integran a súa estrutura son exploración, produción en boca de pozo, transporte desde centros de produción até terminais portuarias, transporte marítimo internacional ou por oleodutos, refinación, transporte a centros expendedores e venda en centros expendedores. Esta integración traspasa as fronteiras dos países produtores e consumidores, polo que a súa lóxica de funcionamento é diferente á dos Estados onde operan estas compañías.

Debemos considerar esta situación á hora de avaliar os datos sobre a súa participación na extracción de petróleo, xa que só constituíu unha parte da súa inter-

(15) HAMILTON, Adrian (ed): *Petróleo. El precio del poder*, Planeta, Barcelona, 1987.

vención no mercado do petróleo. Cos procesos de nacionalización de empresas nos países da OPEP arredor dos anos 70 do século XX, a posición das corporacións na fase da extracción viuse minguada a favor de novas empresas estatais. Isto non se debe interpretar como un desprazamento no negocio enerxético para seren substituídas polas novas empresas, xa que estas últimas van depender tecnoloxicamente das vellas empresas do petróleo, ao tempo que as fases do transporte, refinación, expedición, etc, van quedar en mans das empresas que o viñan facendo tradicionalmente. Ademais, as novas plantas de refinación nos países produtores da OPEP van estar participadas polas grandes corporacións do petróleo.

Ante a nova situación que se presenta hai un cambio de estratexia dos monopolios co fin de garantir o control último do negocio enerxético. Neste mesmo senso deben interpretarse as últimas fusiões empresariais, xa citadas.

### **Os límites do modelo enerxético actual e a necesidade dun control enerxético mundial**

---

Os grandes monopolios da enerxía e os Estados occidentais van manexar os fíos do tramado enerxético mundial. A hexemonía do sistema económico capitalista converteu o noso mundo nesa aldea global da que tanto se ten escrito. Os recursos mundiais considéranse patrimonio desta sociedade global, mais trátase dunha sociedade que é dirixida desde certos lugares, cunha opulencia nunca vista para unha pequena porción da humanidade e cunha pobreza absoluta para unha grande parte desa mesma humanidade. A revolución tecnolóxica actual non se orixinou e difundiu ao acaso, senón que é unha das ferramentas esenciais dun proceso de reestruturación global do capitalismo que lle permitiu expandirse e anovarse e que ten variantes segundo as características propias de cada país. Non é casual a coincidencia existente entre os centros innovadores da técnica de información e os vellos grandes centros metropolitanos occidentais, así como o papel xogado polos Estados, aínda que estes teñan peculiaridades segundo os países.

Debemos cuestionar radicalmente a pretensión de construír un proceso produtivo sobre un uso de enerxía que medra exponencialmente, e que se supón ilimitada. Canto máis medre o consumo enerxético e canto máis dependa un sector do input enerxético para a obtención da súa produción, máis perto estará de se ter que enfrontar a unha situación crítica. Necesitará ademais asegurar o control sobre o subministro enerxético. En consonancia con esta forma de actuar, o sector enerxético procura aumentar o seu ritmo produtivo (de transformación da enerxía) profundamente entrópico, ao tempo que tenta mellorar as súas contas de empresa e reducir custos de produción, cunha preocupación ambiental que non vai alén dos límites administrativos estabelecidos (ás veces nin iso) e que adoitan ser, por outra banda, bastante laxos. O sector enerxético no afán de fornecer unha demanda crecente de enerxía dispoñíbel, acelera o ritmo de transformación provocando xusto o efecto contrario ao que se pre-

tendía. Estes efectos non son sempre visíbeis a curto prazo, o que lle permite ao sector centrar o seu ritmo de transformación sobre uns custos que si funcionan nese prazo. A situación resulta ser máis grave se consideramos que esa transformación se realiza fundamentalmente a partir de recursos non renovables cunha alta entropía, e por unhas empresas nas que se está a dar unha cada vez maior concentración do capital. Acelérase o proceso de inaccesibilidade á enerxía dispoñíbel, o que acelera á súa vez o proceso de disipación, e cunhas técnicas que non controlan dabondo os prexuízos ambientais. É fundamental o control das reservas enerxéticas no mundo, porque delas depende manter un determinado modelo de desenvolvemento e porque os países cun maior consumo só poderán manter así o seu *status* de vida. Velaquí a razón básica de moitos conflitos bélicos do futuro: a posesión e o control dos recursos necesarios para manter un determinado modelo de sociedade, o capitalista-industrial occidental<sup>(16)</sup>. Non se trata só de ver cal é o consumo e utilización da enerxía polos distintos sectores produtivos, senón que debemos considerar como se constitúe todo o proceso de transformación na economía. De facermos un estudo exclusivamente sectorial estaríamos perante un duplo reduccionismo: non considerar os materiais (que non é máis que a outra face dunha mesma realidade física) por unha banda, e fixarnos só nalgunhas das expresións máis concentradas e monetizábeis da enerxía pola outra.

### **Economía do petróleo: xeopolítica e conflito**

Por razóns obvias que se derivan do exposto con anterioridade en canto á dispoñibilidade de reservas, produción, etc, o Oriente Medio representa un espazo particularmente ilustrativo da xeopolítica desenvolvida arredor do petróleo. Os seus antecedentes hai que buscalos na práctica colonial que as potencias capitalistas desenvolveron ao longo de todo o século XX. Desde unha perspectiva económica, outras zonas estratéxicas onde gobernos e empresas están a tomar posicións son as outras grandes provedoras de reservas: Asia Central, América Latina e o Golfo de Guinea, onde xa na actualidade, e probablemente con máis intensidade no futuro, asistiremos a confrontacións de todo tipo<sup>(17)</sup>.

En 1901 Willian Knox d'Arcy obtén do shah de Persia o outorgamento por sesenta anos dunha concesión petrolífera para a totalidade do país, e en 1908 funda a Anglo-Persian Oil Co (hoxe BP) na que participa como accionista maioritario o Estado británico. Mentres, no Imperio Otomano a Anglo-Persian negocia –coa intermediación de Calouste Sarkis Gulbenkian<sup>(18)</sup>– con Shell e Deutsche Bank para a creación conxunta da Turkish Petroleum Company (nun reparto do 50%, 25% e 25% do capital

(16) KLARE, Michael T.: *Guerras por los recursos. El futuro escenario del conflicto global*, Urano, Barcelona, 2003.

(17) MENÉNDEZ PÉREZ, Emilio: *Nosotros y las próximas guerras del petróleo*, Criterios, nº 3, xaneiro 2004, pp 23-34.

(18) Denominado “míster cinco por cento” por recibir esta participación dos lucros, cobrados sobre a parte británica.

respectivamente). Cando comeza a Primeira Guerra Mundial as sete irmáns dominan xa o mercado do petróleo, e dúas delas controlan todo o Oriente Medio: Anglo-Persian e Shell. Sen deixar de intentar participar no Oriente Medio, as corporacións estadounidenses compensan a posición no mercado en relacións ás inglesas entrando en países como México, Perú ou Venezuela.

Após a Primeira Guerra Mundial a Compagnie Française des Pétroles (hoxe Total) faise en 1924 coa parte que lle correspondía a Deutsche Bank na Turkish Petroleum<sup>(19)</sup>, e mentres tanto os ingleses fortalecen a súa posición co seu mandato sobre o novo Estado de Iraq<sup>(20)</sup>.

En 1928 asínase o *Acordo da Liña Vermella*, onde se establece o reparto do negocio do petróleo en Oriente Medio sobre o territorio do desaparecido, poucos anos atrás, Imperio Otomano. Esta zona abarcaba desde Turquía até Arabia Saudí, quedando fóra Kuwait e Persia (hoxe Irán). As principais beneficiarias do acordo serán a Anglo-Persian, a Compagnie Française des Pétroles e a Shell. A non inclusión de Kuwait permitiu deixarles unha porta aberta ás empresas estadounidenses<sup>(21)</sup>. Este acordo, que regulaba a competencia entre as compañías petroleiras neste territorio, vai durar até pouco despois da Segunda Guerra Mundial. Mais foi un período non exento de tensións, provocadas sobre todo polos intentos das compañías estadounidenses de aumentar a súa influencia sobre os lugares excluídos do acordo e sobre outros que, ou ben estaban no límite da área, ou abertamente dentro dela.

De 1945 a 1952 consolídase e incrementase a independencia dos países árabes, o que non é óbice para que as respectivas oligarquías árabes nacionais continúen vencelladas aos intereses occidentais, en particular aos de Gran Bretaña. Nestes anos nace, ademais, o Estado de Israel (1948) froito dos compromisos internacionais das potencias occidentais cos movementos sionistas en auxe que se converte nunha base permanente dos EEUU, cuxas empresas petrolíferas incrementan constantemente a súa presenza en Oriente Medio en detrimento das británicas, sobre todo a partir de 1952.

Nas décadas posteriores asístese a unha situación de crecente conflito provocada polo antagonismo entre certas tendencias nacionalistas populares e antioccidentais (a destacar os casos de Libia e Irán), pola importancia estratéxica crecente do Oriente Medio para as potencias capitalistas, e pola cada vez maior influencia soviética entre algúns gobernos<sup>(22)</sup>. A desaparición da Unión Soviética fortalece a posición dos Estados Unidos e agudiza as crises internas destes países. A nacionalización de

---

(19) Coa derrota do Imperio Otomano tras o armisticio de Mudros en 1918, asínase o Tratado de Paz de Sèvres en 1920 que obriga ao abandono daquel dos países árabes. Isto dá paso aos Mandatos orientais en virtude do Tratado de San Remo e o convenio de París en 1920, baixo tutela de Gran Bretaña e Francia. Ver MARTÍNEZ CARRERAS, José U.: *Revolución e independencia del mundo árabe-islámico, Siglo XX*, Historia Universal, monográfico: *La independencia Árabe. El nacimiento de Israel*, nº 24, Historia 16-Temas de Hoy, Madrid, pp 7-40.

(20) CHEVALIER, Jean-Marie: *O novo xogo do petróleo*, Publicações Europa-América, 1973.

(21) HAMILTON, op cit; TUGENDAHAT, Chistoper: *Petróleo: el mayor negocio del mundo*, Alianza, Madrid, 1969.

(22) MARTÍNEZ CARRERAS, op cit.

xacementos petrolíferos reduciu, como xa se viu, a posición das corporacións estadounidenses na fase da extracción, pero non as desprazou do negocio enerxético, xa que as novas empresas van depender tecnoloxicamente daquelas que manteñen o control sobre as fases do transporte, refinación, expedición etc.

Os repetidos ciclos de violencia nos estados árabe-musulmáns que crean divisións internas (guerras, ocupación neocolonial, bombardeos, bloqueos marítimos, embargos, violacións dos acordos de paz, etc) teñen as súas causas profundas nas estratexias económicas de control do comercio internacional do petróleo desenvolvido polas principais potencias económicas<sup>(23)</sup>.

O valor xeopolítico do Golfo Pérsico non se deriva dunha relación de dependencia estrutural no pasado o no inmediato futuro da industria estadounidense con respecto a esta rexión, xa que unha parte moi importante do seu consumo cúbrese coa produción propia e co abastecemento desde México ou Venezuela. A maior parte de Europa Occidental e Xapón si dependen en grande medida destas importacións (como tamén poderían depender a medio e longo prazo os EEUU). En calquera caso as compras de petróleo non se fan directamente entre Estados, senón a través das compañías petrolíferas, con clara hexemonía de capital estadounidense e británico.

Neste escenario cómpre considerar o significado das tensións entre compañías petroleiras e potencias capitalistas co fin de asegurar o control das reservas da zona do Golfo. A posición preeminente dos EEUU e Gran Bretaña no sector enerxético, sumada á maior dependencia exterior dos consumidores europeos e asiáticos, ten un impacto comprobábel na fortaleza do dólar e da libra esterlina.

A guerra do Golfo Pérsico de 1991 é un dos capítulos máis sobresalientes dos últimos anos. Iraq encarnaba o proxecto dun Estado panárabe forte e integrado con influencia propia no plano internacional, visto como unha clara ameaza polos EEUU. A guerra permitiu establecer firmemente a *nova orde mundial* posterior á Guerra Fría. Os EEUU, como potencia hexemónica, conseguiron romper o seu illamento no papel de xendarme global, cuestionado, en parte, tras a invasión de Panamá, dous anos antes. A expulsión de Kuwait do exército ocupante de Iraq só foi parte do obxectivo, xa que os exércitos occidentais coaligados e baixo mandato estadounidense, dedicáronse tamén a destruír a economía de Iraq, en beneficio, a curto prazo, das transnacionais do petróleo e da industria do armamento.

Catro dos cinco maiores complexos petroleiros de capital anglo-estadounidense (Exxon-Mobil, Royal Dutch-Shell, BP-Amoco e Chevron-Texaco), conseguen neutralizar o efecto da participación de Iraq no comercio do petróleo, freando os prezos á baixa e beneficiándose dunha posíbel e futura instalación e apropiación das reservas iraquíes, en detrimento doutras empresas.

Para a industria do armamento o beneficio vén máis da propaganda bélica que do custo real de manter a guerra. Baixo a suposta ameaza do terrorismo internacional perséguese un aliñamento das potencias capitalistas con vistas a un rearme que

---

(23) GIORDANO, op cit.

incentive os investimentos nesta industria. As guerras de Kosovo ou Afganistán foron relativamente baratas pola implicación dos aliados europeos, fórmula que se buscará noutras guerras como a máis recente de Iraq, aínda que sen o mesmo resultado. O escenario principal da “guerra contra o terrorismo” vai ser todo Oriente Medio, con epicentros en tres dos maiores produtores de petróleo do mundo: Iraq, Irán e (con outras fórmulas) Arabia Saudí.

A guerra tivo outros dous resultados visíbeis. Un, o recorte dos dereitos civís e a imposición de prácticas policiais-represivas sobre a cidadanía tanto dos EEUU como europea, o que permite controlar en maior medida a disconformidade latente que pode agromar perante accións militares non sempre compartidas polo pobo. Outro, aprendido desde a Segunda Guerra Mundial, é a utilidade das guerras para solucionar crises económicas. De feito, a guerra do Golfo de 1991 supuxo que os EEUU se recuperaran da recesión económica que arrastaban desde mediados de 1990, comezando unha prolongada expansión.

A prolongación das agresións sobre Iraq durante varios anos, entre 1991 e 2003, resultoulle útil aos EEUU ao proporcionaren as xustificacións precisas para aumentar a presenza militar na rexión: Arabia Saudí, Catar, Barén e Omán. Tanto as forzas aéreas estadounidenses como as británicas fan uso libremente do espazo aéreo dos países da zona, ademais de que a súa armada teña libre acceso aos portos<sup>(24)</sup>. As sancións a Iraq protexeron ademais as súas reservas de cara ao futuro, ao que tamén contribuíron os bombardeos constantes anglo-americanos sobre aquelas zonas onde están as maiores reservas de petróleo iraquí ou zonas de extraccións, como Basora, zonas do Kurdistán ou Mosul. De feito, nos primeiros bombardeos de 1998 lanzáronse máis toneladas de bombas que durante a guerra do Golfo de 1991, co obxectivo de socavar a infraestrutura petrolífera e petroquímica iraquí. En 1999 bombardeouse o oleoduto petrolífero de Iraq a Turquía, principal saída do petróleo exportado neses momentos.

Neste contexto, os prezos do petróleo soben temporalmente, debido, segundo os medios de comunicación, a unha suposta capacidade da OPEP para controlar os mercados internacionais. A elevación dos prezos nas tres últimas décadas, aínda que feble en termos reais, manifesta episodios á alza súbitos que non son resultado da pretendida escaseza do petróleo como materia prima (baixadas posteriores non se explican por un aumento da abundancia) senón de caídas programadas da oferta, alentadas por diversas crises políticas e intervencións militares occidentais, superpostas aos mecanismos de formación de prezos que se mencionaron anteriormente e nos que xoga un papel decisivo o dominio do sector polas transnacionais do petróleo<sup>(25)</sup>.

A actual guerra e ocupación de Iraq responde non tanto a un cambio de estratexia como a un avance naquela estratexia que se vén practicando desde hai anos. Varios elementos conflúen para pechar o tramado que se está a trazar e que, se o

(24) IVEKOVIC, Ivan: *Estados Unidos, Irak y la geopolítica del petróleo*, Alternativas Sur, monográfico: *Economía y geopolítica del petróleo*, Cetri-Cip-Fuhem, vol II, nº 2, 2003, pp 39-59.

(25) GIORDANO, op cit.

conflito culmina favorablemente para os EEUU, consolidarán ao mesmo tempo o seu abastecemento enerxético a medio prazo e o seu papel hexemónico e o das súas empresas de petróleo. Algúns destes elementos son:

- A vulnerabilidade que, desde o punto de vista interior, presenta Arabia Saudí e que podería facer perigar o abastecemento do mercado mundial. As tensións internas, políticas e económicas deste país e a relación dos seus gobernantes cos EEUU en todos os conflitos da zona poden desembocar nunha inestabilidade que hai que corrixir a tempo. A isto únese a propensión deste país a coordinar os prezos do petróleo no marco da OPEP<sup>(26)</sup>.

- Toda a rexión circundante do mar Caspio, este incluído, dispón dunhas importantes reservas de petróleo e gas natural que, no futuro, poderían aumentar segundo se realicen novas prospeccións. Cazaquistán, Azerbaixán, Turquemenistán ou Usbequistán son países nos que as grandes transnacionais se están a introducir para controlar a súas reservas, de modo directo ou mediante a constitución de *joint-ventures*. As saídas posibles da produción desta zona son varias: a través de Rusia cara ao Mar Negro (opción non desexada polos EEUU e mellor recibida polas potencias europeas, en función dos intereses respectivos das súas empresas); a través de Xeorxia, cara a Turquía e ao Mediterráneo (opción apoiada de forma manifesta pola Administración Clinton, ao evitar os territorios ruso e iraniano), e aquí pode haber unha variante que permitiría levalo por un novo oleoduto que atravesaría Serbia, Croacia e quizais Eslovenia desde a costa rumana do Mar Negro, chegando ao Mediterráneo; a través de Afganistán e Paquistán cara ao océano Índico (proxecto da Unocal, previsto nun principio en colaboración co goberno talibán de Afganistán e que, posteriormente, quedou paralizado até a invasión deste país e o nomeamento dun ex directivo de Unocal, Hamid Karzai, como presidente títere); a través de Azerbaixán, nordeste de Irán, e Iraq para ligar cos oleodutos xa existentes de Kirkuk e Ceyhan (ruta máis fácil e máis barata)<sup>(27)</sup>.

- Os mercados enerxéticos asiáticos de China, India, Indonesia, Corea, etc, están expandíndose aceleradamente. As grandes empresas do petróleo buscan o control deses mercados que a curto prazo permiten elevar a súa actividade e os seus beneficios. Ademais, o seu control é indispensable na perspectiva de posibles desabastecementos futuros. Ter dominio sobre as reservas e sobre os fluxos enerxéticos asegura regular o mercado a medio e a longo prazo. Este elemento semella entrar en contradición co afirmado en múltiples ocasións dun esgotamento inmediato das reservas dos EEUU, xa que, neste caso, non interesarían aumentos do consumo tan considerables como os destes países. Non debemos esquecer que, como xa se advertiu, o petróleo ademais de ser vital para a sustentabilidade do sistema económico capitalista e, en particular, para o mantemento do modo de vida das potencias occidentais, é tamén o maior negocio do mundo. As transnacionais do petróleo están directamente

(26) IVEKOVIC, op cit.

(27) CHENOY, Anuradha M.: *Geopolítica petrolera en Asia Central y en la cuenca del mar Caspio*, Alternativas Sur, monográfico: *Economía y geopolítica del petróleo*, Cetri-Cip-Fuhem, vol II, nº 2, 2003, pp 87-104.

vencelladas aos gobernos de diversos países, algo máis que evidente no goberno estadounidense (como, por exemplo, Condoleezza Rice con Chevron; Richard B. Cheney con Halliburton; Gale Norton con Delta Oil e BP-Amoco; ou o propio George W. Bush con empresas familiares do petróleo); os intereses dos estados e das empresas confúndense e non sempre coinciden. A estratexia Bush está a ser, en grande medida, a das transnacionais do petróleo ás que o unen intereses particulares, que priman o negocio a curto e a medio prazo nun mercado en alza do petróleo. Isto explica que importantes sectores da economía e das finanzas non participen plenamente desa estratexia por facer perigar outros intereses máis xerais para a economía estadounidense. A invasión de Afganistán constitúe un elo nesta cadea, xa que ao tempo que garante a saída das reservas do Caspio e Oriente Medio polo Índico, facilita ademais o abastecemento dos mercados asiáticos en crecemento. Cómpre considerar tamén os intereses doutras grandes transnacionais neses países, de onde se abastecen de produtos e materias primas ou onde teñen desprazado algunhas fases dos seus ciclos produtivos.

Todos estes elementos, non exentos das contradicións internas do capitalismo, esclarecen as causas da última guerra de Iraq, encadrándoa nunha estratexia económica global.

De igual xeito cómpre relacionar outros conflitos abertos e cruentos que teñen como eixo común o mercado do petróleo. Detrás destes, e baixo o amparo dos gobernos dos EEUU e doutras potencias capitalistas, están os intereses das transnacionais do petróleo: a Shell en Nixeria; Fina en Myanmar-Birmania; Elf en Camerún; BP en Papúa Occidental, Elf en Congo-Brazzaville; Texaco en Ecuador; Mobil en Indonesia; Exxon, Chevron e Elf en Chad e Camerún; Total, Amoco, Repsol e Petrobrás en Bolivia, etc. Entre eles debemos destacar a Venezuela, onde se está a desenvolver unha vía diferente á de Iraq que é a da transición a un novo goberno mediante a tensión política interna, para instalar opcións máis afíns aos intereses das petroleiras e dos EEUU.

As diferentes posicións perante estes conflitos que manifestan os gobernos occidentais obedecen, sobre todo, a escaramuzas na loita pola hexemonía mundial e, en menor medida, a razóns de índole ética. Ningún goberno occidental ten manifestado a súa preocupación ou a súa condena polos milleiros de vítimas destes conflitos; pola miseria á que se ven sometidos por mor da exploración dos seus recursos ou da expropiación do seu patrimonio natural; e polo paradoxal desabastecemento enerxético que sufrirán no futuro. A Unión Europea, os EEUU e Xapón discrepan no espazo que deben ocupar no barco, máis non en quen debe quedar fóra.

---

*Xoán Ramón Doldán García é profesor titular de Economía Aplicada na USC.*